

Expediente de Contratación:	Contratación documentalmente simplificada, polo procedemento negociado sen publicidade dun servizo de Auditoría de Contas para os exercicios 2016, 2017 e 2018
Núm. de expediente	1/16
Fecha	28/11/2016
Asunto	Resolución de adxudicación dun contrato

Logo de examinar o expediente correspondente á fase de negociación e máis os informes técnicos coa valoración das ofertas presentadas, elaborados pola comisión designada para levar a cabo a negociación do procedemento de contratación documentalente simplificada, polo procedemento negociado sen publicidade, dun servizo de Auditoría de Contas para os exercicios 2016, 2017 e 2018, así como a documentación presentada polo licitador coa oferta máis vantaxosa dentro do prazo requirido, e segundo o establecido no artigo 151 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público e de conformidade coa proposta formulada pola dita comisión negociadora:

RESOLVO:

Adjudicarlle á empresa Auditora Galega de Contas, S.L.P. (CIF B15102361), o contrato de servizo de auditoría de contas para os exercicios 2016, 2017 e 2018, dado que a súa proposición considérase a máis vantaxosa para o CESGA, á vista da puntuación acadada por cada unha das ofertas, segundo aparece reflectido no informes técnicos elaborados pola comisión negociadora:

Licitador	Puntuación dos criterios cualitativos	Puntuación dos criterios cuantitativos	Puntuación TOTAL
Auditoría Galega de Contas, S.L.P.	35	65	100
AUDIESA	25	61,75	86,75
AAMAS Auditores, S.L.	20	62,53	82,53

Notifíquesele esta resolución ás entidades interesadas e publíquese no perfil do contratante.

A formalización do contrato non poderá efectuarse máis tarde dos quince (15) días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación de adxudicación aos licitadores

Santiago de Compostela, 28 de novembro 2016



Javier García Tobío
Director Xerente CESGA